Pedicularis sylvatica subsp. lusitanica (Hoffmanns. & Link) Cout., 1813

- herba piolleira, chuchamelos
- gallarita/os, gorbiza
- pedikularia
- pedicularia, gallarito, betònica de bosq
- lousewort
- garruda-do-campo, garruda



ESTADO DE CONSERVACIÓN

Sen avaliar

DIVISION	CLASE	ORDE	FAMILIA	XÉNERO
Tracheophyta	**Equisetopsida**	**Lamiales**	**Orobanchaceae**	***Pedicularis***

ORIXE

Europa.

CARACTERÍSTICAS

Porte herbáceo, entre 10 e 25 cm de altura. Anual ou bienal e semiparasita de diversas especies. Medra a partir dunha raíz axonomorfa, simple ou algo ramificada. Talos de 5-25 cm. Un central, simple e erecto e ás veces fértil dende a metade basal; outros laterais, postrados ou ascendentes, floríferos só na metade apical e subglabros ou con dúas liñas de pelos. Follas de pinnatipartidas a pinnatisectas, de lanceoladas a ovado-lanceoladas e glabras ou algo pilosas. As follas basais, a cotío marcescentes na floración, teñen un pecíolo duns 15 mm; as caulinares son máis numerosas, alternas ou subopostas. Flores laxas, dispostas en acios de ata 45 flores. Cáliz glabro, de cor verde pálida a púrpura. Corola bilabiada, de cor rosa-avermellada. Posúe 5 estames con filamentos pilosos na base e anteras de ata 3 mm. Floración na primavera-verán. Froito en forma de cápsula loculicida e ovoidea. Dentro, sementes elipsoidais, pardas e coa superficie reticulada.

HÁBITAT

Pastizais higrófilos, zonas húmidas, turbeiras, brezais e toxeiras. Prefire solos ácidos (silíceos). Dende o nivel do mar ata os 2400 m de altitude.

DISTRIBUCIÓN

Centro e oeste de Europa, Illas Británicas e noroeste de África. Na Península Ibérica medra principalmente na metade norte.

CURIOSIDADES

Aínda que pode producir clorofila, rouba auga e nutrientes das raíces das plantas veciñas.